
UN BICO PARA OSIÑO

Texto de ELSE HOLMELUND MINARIK

Ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 15 x 23 cm. 32 páx. 10 €.

ALA NOTABLE CHILDREN'S BOOK
NEW YORK TIMES BEST ILLUSTRATED BOOK

Un bico para Osiño (galego)

ISBN 978-84-8464-869-7. Tras os montes.

Un beso para Osito (castelán)

ISBN 978-84-8464-868-0. Libros para soñar.

Un petó per al petit Ós (catalán)

ISBN 978-84-8464-870-3. Llibres per a somniar.

Musu bat Hartz Txikirentzat (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-828-2. Kalandraka-Pamiela.

Um beijo para Urso Pequeno (portugués)

ISBN 978-989-749-023-1. Livros para sonhar.

–Que bonito me quedou o debuxo! –dixo Osiño.

–Ola, Galiña. Este debuxo é para a Avoa.

–Podes levarlo?

–Podo, sí –dixo Galiña.

A Avoa encantoulle o debuxo.


–Este bico é para Osiño –dixo ela–. Podes darllo, Galiña?

–Estarei encantada de facelo –dixo Galiña...

“Un bico para Osiño” é un relato breve, humorístico, cheo de afecto e de amor. Afecto de Osiño cara a Avoa Osa, a quen obsequia cun debuxo e cun bico que vai transmitíndose dun animal a outro, entre os habitantes do bosque, ata chegar á súa destinataria final. Un bico itinerante e acumulativo, que ademais ramifícase nunha historia de amor paralela cun final que enche de felicidade a toda esta entrañable veciñanza faunística.

Publicado por primeira vez en 1968, este clásico de Else Holmelund Minarik e Maurice Sendak destaca pola sinxeleza do texto e pola tenrura dos seus personaxes, que son representados tanto ao natural como humanizados. A personalidade de Osiño favorece que os lectores infantís se identifiquen con el, pola súa simpatía e pola súa espontaneidade.

En consonancia cos demais títulos da serie á que pertence este libro, as fermosas ilustracións de Sendak remítenos aos gravados antigos, de composición clásica, con figuras moi expresivas que se sitúan en escenarios principalmente naturais, moi detallados e elaborados.



■ **Temática:** o afecto, o amor.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador da triloxía “Onde viven os monstros”, “Na cociña de noite” e “Máis alá da fiestra”, entre outros; libro da serie “Osiño”; familia; fauna, bosque.

Else Holmelund Minarik

(Dinamarca, 1920 - Estados Unidos, 2012)

Emigrou aos Estados Unidos coa súa familia cando tiña catro anos. Estudou Psicoloxía e Arte na Universidade de Nova York. Traballou como xornalista e profesora. Autora da serie “Osiño” e doutros libros de Literatura Infantil e Xuvenil.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo na Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.

